



Xanceda, Casa Grande, 21-septiembre 1970

Sr. D. Xose Maria Monterroso
Caceres.-

Meu lembrado amigo:

Moito lle agradezo a carta, as sinxelas verbas e os versos. Coido que é un honor pra min ter un lector tan intelixente e sensíbel. Si, son moitas a desfeitas do noso pobo...non hai~~n~~ sinon p~~o~~ner a esperanza no porvir... Mire, eu metín a historia das Comunidades e das Germanias porque quería facer a relazon dos tres movementos-protesta, por iso non me decatei si cadrabaⁿ ou non. Polo que se refire a Irlanda, alí decían que non, que o gaélico falabase pouco inda no compo, ao millor non é certo... Nunha visita corta non se pode coñecer un país. Cando me lamentaba da "inici^a celebración" tiña naturalmente presente outras. A Madariaga coñecino en Bad Godesberg, fai anos. Ten un forte acento da Cruña. O libro "Sempre en Galiza" ao señor Patiño, Librouro, Eduardo Iglesias 12, Vigo. Non coñezo unha explicación boa do nome "Galicia" ou "Galiza". Penso que ten o mesmo orixen que Gales ?ou non?

Reciba os garimosos saudos da

Victorio Almeida